

CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA PLANA DO EDIFICIO DE OFICINAS DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE (EXPEDIENTE 04-2023)

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Ao abeiro do disposto no artigo 131.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), esta Fundación tramitou a contratación documentalente simplificada mediante procedemento aberto simplificado e varios criterios de adxudicación, das OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA PLANA DO EDIFICIO DE OFICINAS DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE.

Iniciado o expediente de contratación o 5 de xuño de 2023, e aprobado o gasto con data 20 de maio de 2023, con cargo ao convenio suscrito coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia para financiar tal fin, dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación para a realización do obxecto do contrato conforme ao establecido no artigo 159 da LCSP, seguíndose os demais trámites esixidos pola lexislación aplicable en materia de contratos.

Para a tramitación deste expediente, esta Fundación publicou, con data 5 de xuño de 2023, o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> para que os contratistas presentaran as súas ofertas de acordo co establecido nos pregos que rexen esta contratación.

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), a Mesa de contratación, na súa reunión de data 20 de xuño de 2023, cualificou a documentación achegada por unha única empresa que presentou proposición, constatándose que este licitador cumpría co estipulado no PCAP no relativo á forma, lugar e prazo de presentación das ofertas, en consecuencia, foi admitida á licitación a empresa que se relaciona a continuación:

Nº Orde	EMPRESA	DOCUMENTACIÓN
1	TÉCNICO COMERCIAL VALQUA, S.L.	CORRECTA

O día 20 de xuño de 2023 a Mesa de contratación procedeu á apertura pública do Sobre Único que contiña a oferta económica da empresa admitida á licitación, resultando o seguinte:

Nº ORDE	EMPRESA	PROPOSICIÓN ECONÓMICA	
		OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO
1	TÉCNICO COMERCIAL VALQUA, S.L.	61.542,40 €	



A Mesa solicita á secretaría que comunique a proposta de adxudicación provisional ao licitador, para que no prazo de 7 días hábiles presente a documentación requirida conforme ao artigo 104.4 da LCSP.

Unha vez recibida a documentación xustificativa a secretaría cualificou a documentación, comprobando que a empresa contestou en prazo ao requirimento presentando a documentación nos termos do mesmo, polo que a Mesa entende que cumpren os requisitos esixidos no PCAP que rexen esta licitación.

En consecuencia, elévase ao órgano de contratación a proposta de adxudicación á empresa TÉCNICO COMERCIAL VALQUIA, S.L. polos seguintes importes:

EMPRESA	NIF	PROPOSICIÓN ECONÓMICA		
		NETO	IVE (21%)	TOTAL
TÉCNICO COMERCIAL VALQUA, S.L.	B32459299	61.542,40 €	12.923,90 €	74.466,30 €

Por todo o anterior,

PROPOÑO:

1º.- Adxudicar segundo figura na proposta da Mesa de contratación, no procedemento de contratación documentalmente simplificado mediante procedemento aberto simplificado e varios criterios de adxudicación, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACION DO EDIFICIO DE OFICINAS NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE á empresa TÉCNICO COMERCIAL VALQUA, S.L. por ser a única oferta presentada, e cumprir cos requisitos do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas segundo a valoración efectuada, así como ter cumprimentado os requisitos esixidos pola lexislación vixente.

2º.- A imputación do importe da adxudicación ao orzamento desta Fundación con cargo ao convenio suscrito para tal fin coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia.

3º.- Publicar a resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> de conformidade co sinalado nos artigos 63.2 e 151 da LCSP.

Ourense, 30 de xuño de 2023



Cristina M. Álvarez Bermejo
Secretaría

RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN

Dada conta da proposta anterior, fiscalizada de conformidade pola Intervención da Fundación, préstaselle conformidade nos mesmos termos nos que se atopa formulada.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Fundación no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46.4 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

Notifíquese esta adjudicación aos candidatos e licitadores, de acordo co previsto no artigo 151 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

De acordo co previsto no artigo 153.3 da LCSP, este contrato deberase formalizar en documento administrativo, non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación de adjudicación.

Ourense, 30 de xuño de 2023

O director xerente



Rogelio Martínez González